

SEMINARIO

No Bicentenario de Casto Méndez Núñez

Mércores 2 de outubro

De 10:30 a 13:30 h e de 16:00 a 20:00 h

Edificio Castelao, Museo de Pontevedra

Organizan: Museo de Pontevedra, Instituto de Historia e Cultura Naval, Escola Naval Militar

Dirixen: José Manuel Sanjurjo Jul, José Manuel Castaño García

Para celebrar o bicentenario do nacemento de Casto Méndez Núñez (Vigo, 1824-Pontevedra, 1869), o Museo de Pontevedra, a Escola Naval e o Instituto de Historia e Cultura Naval organizan un seminario no que, ao longo de sete conferencias, se tratarán diferentes aspectos referentes á súa biografía e relevancia como mariño ou aos testemuños que del conservan o Museo Naval de Madrid e o Museo de Pontevedra.

Ao longo dos seus 45 anos de vida, Méndez Núñez desenvolveu unha brillante carreira militar, na que, ao mando da Escuadra española no Pacífico, resultou ferido durante o combate de El Callao —o 2 de maio de 1866—, o que suporía o seu ascenso a xefe de escuadra —contraalmirante no cambio de denominación levado a cabo en 1868— e, sobre todo, unha gran popularidade, reflectida entón, por exemplo, en diversas homenaxes e felicitacións, na creación de composicións literarias e artísticas ou na realización de monumentos no seu recordo.

Da súa traxectoria conserva este museo numerosos fondos, e moitos deles puidéronse contemplar nas salas que desde 1943 se lle dedicaron no edificio García Flórez —na actualidade pendente de rehabilitación—, para o que naquel momento tamén se contou coa colaboración do Museo Naval de Madrid e da Escola Naval, trasladada nese mesmo ano a Marín. Con motivo desta celebración exhibirase de forma temporal, no claustro do Edificio Sarmiento, unha selección de pezas que pertenceron ao mariño que estamos a lembrar ou que estiveron intimamente relacionadas con el, como algunhas provenientes da fragata blindada Numancia.

PROGRAMA

Sesión de mañá (de 10:30 a 13:30 h)

10:30 h Presentación do seminario e das persoas participantes

M.^a de los Ángeles Tilve Jar, directora do Museo de Pontevedra.

José Manuel Sanjurjo Jul, codirector do seminario; vicealmirante (retirado), doutor en Enxeñería de Armas Navais, académico da Real Academia de Enxeñería e presidente da Asociación de Amigos do Museo Naval.

Pedro Cardona Suanzes, capitán de navío, comandante-director da Escola Naval Militar.

Rafael Domínguez Artime, vicepresidente da Deputación de Pontevedra.

10:45 h “A figura histórica de Casto Méndez Núñez (1824-1869). Antes honra sen Mariña que Mariña deshonrada”

Manuel Rolandi Sánchez-Solís, licenciado en Ciencias Xeolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid, diplomado en Hidroxeoloxía, investigador histórico e descendente de Casto Méndez Núñez.

Resumo: Esta conferencia abordará a figura de Casto Méndez Núñez, os seus antecedentes familiares, o seu ingreso na Mariña e os seus primeiros destinos como mariño (1839-1845). Percorreremos episodios coma a súa participación na expedición española en apoio ao papa Pío IX (1849) e a viaxe a Cuba ao mando da goleta Cruz (1849-1850), antes dos seus destinos en Ferrol e Madrid (1853-1860), en Filipinas, e o seu primeiro salto á fama (1860-1862). Despois, o seu destino en Cuba e a súa participación en diferentes accións en Venezuela, así como na anexión española de Santo Domingo (1862-1864). A continuación, continuaremos coa revisión da súa actuación na guerra do Pacífico de 1865-1866, nas accións de Chiloé, Valparaíso e O Callao. Estas foron as súas verdadeiras probas de fogo e o seu máximo momento de gloria e esplendor, antes dos seus últimos periplos por augas americanas (1866-1867) e o seu regreso a España en aires de multitude (1868). A conferencia concluirá cun achegamento á enfermidade e morte de Méndez Núñez, así como ao seu legado histórico e familiar.

Nota biográfica: Manuel Rolandi Sánchez-Solís naceu en Cartaxena (Murcia) o 27 de setembro de 1949 e é licenciado en Ciencias Xeolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid (1976), diplomado en Hidroxeoloxía (1981) e investigador histórico, así como membro de numerosas institucións nacionais e internacionais relacionadas coas súas actividades profesionais e investigadoras. No campo das investigacións históricas, realizou ata a actualidade máis de setenta publicacións en diferentes medios editoriais e revistas especializadas sobre temas relacionados, fundamentalmente, co século XIX, as intervencións da Mariña e o Exército español en diferentes conflitos coloniais da segunda metade do devandito século (Cuba, Filipinas, Santo Domingo, guerra do Pacífico de 1866...), a I República e a sublevación cantonal de 1873) etc. Entre as súas principais publicacións, cabe destacar os seus catro últimos libros: *Biografía del teniente general de la Armada Casto Méndez Núñez (1824-1869)* (publicado polo Ministerio de Defensa en 2023), *El asedio de Cartagena de 1873-1874* (2023), *La Marina Cantonal* (2022), e a *Historia revisada y documentada de la Sublevación Cantonal española de 1873* (volumes do 1 ao 3; de 2017 a 2022). Actualmente ten en preparación catro novos libros sobre a mariña do sexenio democrático (1868-1878), actuacións da mariña española en diferentes conflitos coloniais do terceiro cuarto de século XIX e o sexenio democrático de 1868-1874 en Cartaxena, e a mariña republicana durante a guerra civil de 1936-1939 e a importante actuación no conflito da súa base principal de Cartaxena.

11:30 h Pausa para o café

12:00 h “A revolución naval do século XIX: vapor, artillería e coiraza”

José Manuel Sanjurjo Jul, vicealmirante (retirado), doutor en Enxeñería de Armas Navais, académico da Real Academia de Enxeñería e presidente da Asociación de Amigos do Museo Naval.

Resumo: O século XIX é o século da gran transformación tecnolóxica e industrial de Europa e dos Estados Unidos ao final das guerras napoleónicas; en Europa, impulsada pola Revolución Industrial, iníciase un período de expansión sen precedentes. É a época das grandes obras de enxeñería, coma a canle de Suez, da ampliación das redes de ferrocarril, o telégrafo, o vapor, os inicios da electricidade etc. Nunha xeración, Europa transfórmase nunha sociedade industrializada e, como consecuencia, prodúcense profundos cambios económicos, políticos e sociais. As mariñas non son alleas a este cambio extenso e profundo. Despois de dous séculos de inmovilismo técnico e táctico, en menos de cen anos deben adaptarse ao cambio que supón operar os buques de liña que combateron en Trafalgar, aos acorazados antecesores dos que combaterán en Iutlandia. Os grandes avances en metalurxia, tecnoloxía de mecanizado e química orgánica evolucionan exponencialmente a artillería naval e en consecuencia as blindaxes, transformando nun curto período e de forma radical a construción naval militar. A aparición de novas armas coma o torpedo e a incipiente experimentación do somerxible supoñen un revulsivo adicional para as frotas das potencias navais. O almirante Méndez Núñez será testemuña, e en gran medida actor, deste período de cambios acelerados, do que a Armada non puido manterse á marxe, e que en gran parte garda un sorprendente paralelismo cos cambios que cabe esperar da Cuarta Revolución Industrial.

Nota biográfica: O vicealmirante José Manuel Sanjurjo Jul recibe o despacho na Escola Naval en xullo de 1970 de onde pasa a ser destinado á frota. Despois cursa a especialidade na desaparecida Escola de Transmisións e Electricidade (ETEA). Seleccionado para cursar estudos na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Armas Navais (ETSIAN), obtén o título correspondente. Ingresar no corpo de enxeñeiros de armas navais e posteriormente obtén o título de doutor pola mesma escola. Da ETSIAN pasa destinado á Inspección de Construcións do Arsenal de Ferrol. En 1988 é destinado ao Naval Sea System Command en Washington como director de armas do programa Nato Anti Air Warfare System. En 1991 é nomeado director do programa europeo Family of Anti Air Missile Systems na Dirección Xeral de Armamento do Ministerio de Defensa francés en París. Destinado na Xefatura de Apoio Logístico da Armada, faise cargo do programa de Fragatas F-100. Posteriormente ascende a contraalmirante e a vicealmirante como director de Construcións Navais. Xa en situación de retiro é nomeado director do Estaleiro de Cartaxena. Académico de número da Real Academia de Enxeñería e cabaleiro da Orde do Rey de Noruega, atópase en posesión de varias condecoracións: catro cruces do Mérito Naval, a gran cruz do Mérito Naval, a gran cruz da Orde de San Hermenegildo e a medalla naval da Mariña dos Estados Unidos. Actualmente ostenta a presidencia da Asociación de Amigos do Museo Naval, é patrón da Fundación e pertence ao Real Padroado do devandito Museo.

12:45 h “Don Casto Méndez Núñez, o mariño español máis determinante do século XIX”

Luis Mollá Ayuso, capitán de navío da Armada, piloto naval, especialista en Comunicacións e diplomado de Estado Maior e Comunicación Social.

Resumo: A conferencia céntrase na figura de don Casto como mariño e militar, desde o seu ingreso na escola de Náutica, nunha época tan complicada para a Mariña de Guerra, que nese momento carecía de Escola Naval, ata o fin dos seus días á temperá idade de 45 anos, con especial mención dos seus actos de armas máis relevantes en Europa, Filipinas e a América meridional. Unha figura de tanta relevancia que nos últimos tempos non deixou nunca de haber unha unidade naval de especial importancia que leve na popa o nome de tan insigne mariño.

Nota biográfica: Luis Mollá é capitán de navío da Armada, diplomado de Estado Maior e piloto de helicópteros. Actualmente está retirado. A súa vida profesional transcorreu principalmente na base de Rota, a bordo dos portaavións Dédalo e Príncipe de Asturias. Foi tamén profesor a bordo do buque escola Juan Sebastián Elcano e comandante do patrulleiro Cormorán e do buque de salvamento submarino Poseidón. Durante os seus últimos anos en activo ocupou destinos na OTAN, en Italia, Francia e Holanda. Está en posesión de cinco cruces do Mérito Naval, a medalla de prata de Salvamento de Náufragos, a medalla de prata da República Francesa, a cruz, placa e encomenda da Real Orde de San Hermenegildo e as medallas da OTAN de Kósovo, da antiga Iugoslavia e de Afganistán. Na súa faceta de escritor publicou numerosos artigos en revistas especializadas do ámbito marítimo e ata a o momento ten editados dezasete libros, a maior parte novelas históricas. Gañou varios certames literarios e premios, entre eles, dúas veces, o prestixioso Nostromo de narrativa marítima, o Virgen del Carmen da Armada e o de narrativa do Exército do Aire.

Sesión de tarde (de 16:00 a 20:00 h)

16:00 h “Méndez Núñez nas coleccións do Museo de Pontevedra”

José Manuel Castaño García, conservador emérito do Museo de Pontevedra.

Resumo: Nesta conferencia, José Manuel Castaño García realizará un percorrido polos testemuños reunidos polo Museo da carreira de Casto Méndez Núñez (Vigo, 1824- Pontevedra, 1869) como mariño. Son obxectos que se exhibiron principalmente na sala que recreaba o seu despacho e na reconstrución da cámara da fragata blindada Numancia, a el tan vinculada. A eles hai que engadir outros conservados nas salas de reserva e os que forman parte dos fondos documentais. Abarcan desde o seu posto de gardamariña no bergantín de guerra Nervión ata a súa condición de contraalmirante, cando, sendo vicepresidente do Almirantazgo, falece aos 45 anos, truncándose unha carreira militar chea de éxitos, na que o combate do Callao o fixera moi popular. Diarios de navegación nos que anotou as vicisitudes das singraduras en diferentes buques, entre eles a fragata blindada Numancia; instrumentos náuticos; medallas; armas; cartas e outros documentos relativos ás súas campañas e destinos; fotografías de barcos e mariños que estiveron ás súas ordes; representacións artísticas; testemuños de admiración e recordo... son algúns dos obxectos dos que se falará e que nos permiten coñecer e lembrar a súa figura.

Nota biográfica: Licenciado en Xeografía e Historia, desempeñou ata a súa xubilación en 2022 a maior parte da súa carreira profesional, máis de trinta anos, no Museo de Pontevedra, onde se ocupou da faceta educativa e divulgativa, un labor da que foi pioneiro en Galicia ao realizar a súa tese de licenciatura sobre a utilización didáctica dos fondos deste museo. Desde entón, ademais da elaboración de contidos didácticos e divulgativos para este centro, realizou os materiais didácticos para as exposicións doutras institucións e participou como relator ou dirixiu cursos relativos ao labor formativo que deben desempeñar os museos. En relación a aspectos vinculados coas salas navais, creou diversos contidos multimedia e interactivos e impartiu durante varios anos cursos dirixidos a persoas de diferentes profesións. Neles realizáronse actividades relacionadas cos descubrimentos xeográficos e viaxes oceánicas (ss. xv-xix), cos mariños que participaron nelas, cos instrumentos de navegación utilizados, cos tipos de barcos que as protagonizaron e coa terminoloxía náutica empregada naquel tempo. Como conferenciante falou tamén, en diversas ocasións, sobre as salas navais e sobre Méndez Núñez e a fragata blindada Numancia.

16:45 h “Méndez Núñez no Museo Naval”

Juan Escrigas Rodríguez, capitán de navío da Armada, director do Museo Naval de Madrid.

Resumo: Nesta conferencia propónse un percorrido biográfico no que se abordarán todos os obxectos relacionados con Méndez Núñez, coa súa vida militar e persoal. O director do Museo Naval e autor da conferencia apoiárase na súa extensa colección fotográfica persoal, con achegas como fotografías de época descoñecidas sobre a vida do mariño, principalmente relacionadas cos sucesos da Escuadra do Pacífico.

Nota biográfica: Juan Escrigas Rodríguez é capitán de navío da Armada. Ingresou na Escola Naval en 1982, e formou parte da promoción 387 do corpo xeral. Mandou os patrulleiros Tabarca e Altura Atalaya, a fragata Blas de Lezo; ademais de ser o comandante das unidades da Forza de Acción Marítima en Cartaxena, mando que creou, e comandante naval de Cartaxena. Diplomado de Estado Maior da 1.ª promoción das ESFAS, graduado do Naval War College e doutor en Historia Contemporánea pola Universidade Complutense de Madrid, é académico correspondente estranxeiro da Academia de Historia de Cuba, académico de número da Real Academia Hispánica de Filatelia e Historia Postal e académico de número da Academia de Ciencias e Artes Militares. Autor de 17 libros de estratexia, filatelia e historia naval, foi conferenciante en numerosas universidades españolas e estranxeiras, coma a Universidade de Harvard. Galardoadado co último premio Santa Cruz de Marcenado, na actualidade é director do Museo Naval de Madrid.

17:30 h Pausa

17:45 h “Casto Méndez Núñez e a súa contribución ao coleccionismo científico”

Natalia Fraguas Fernández, conservadora do Museo de Pontevedra.

Resumo: Casto Méndez Núñez, recoñecido pola súa brillante carreira como mariño, desenvolveu a nivel persoal unha faceta como coleccionista, descoñecida para a gran maioría, que compartía con moitos dos homes ilustrados da súa época. Unha afección vinculada ao ámbito privado e familiar e creada para o propio goce persoal, que, no seu caso, iría acompañada de doazóns ao Instituto de Segundo Ensino da súa cidade, ao que de maneira ininterrompida e ao longo de varios anos faría chegar obxectos de distinta natureza destinados á cátedra de Historia Natural. Todos os obxectos e materiais diversos recompilados ao longo da súa vida foron atesourados polas súas herdeiras na que foi a residencia familiar —situada na praza de Santa María de Pontevedra e coñecida popularmente como Palacete das Mendoza— e cos anos pasaron a formar parte das coleccións do Museo de Pontevedra. Baixo o título “Casto Méndez Núñez e a súa contribución ao coleccionismo científico” darase a coñecer a maneira en que esta se foi conformando, así como a variedade de obxectos que a compoñen, moitos deles, como se recolle no título, propios do coleccionismo científico.

Nota biográfica: Natalia Fraguas Fernández é licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. A súa actividade profesional está vinculada ao Museo de Pontevedra, onde traballa como conservadora desde o ano 2002. Na actualidade é a responsable da sección de rexistro de obras. Encargada das coleccións de artes decorativas da institución, ademais da sección de gravado, realizou diversos traballos de investigación e publicacións en catálogos e revistas especializadas sobre o acibeche, a xoiería

do XIX ou a cerámica da Real Fábrica de Sargadelos, entre outros. Nos últimos anos o seu traballo estivo máis orientado cara ás coleccións téxtiles, nas que se pon en valor os fondos de indumentaria e complementos de moda do Museo de Pontevedra, desenvolvendo distintos proxectos, exposicións e publicacións relacionados co tema.

18:30 h “Imaxes para a historia. Os álbums fotográficos de Méndez Núñez”

Cristina Echave Durán, conservadora do Museo de Pontevedra.

Resumo: No arquivo do Museo de Pontevedra, dentro do fondo denominado Méndez Núñez-Mendoza Babiano, custódiase a colección de fotografías reunidas por Casto Méndez Núñez durante a súa estancia en América latina entre os anos 1865 e 1868. Analizaremos en primeiro lugar os álbums de *carte de visite*, que conteñen ao redor de 260 retratos dunha boa parte dos protagonistas da denominada guerra hispano-suramericana ou do Pacífico, o conflito bélico naval no que Méndez Núñez xogou un destacado papel, para continuar coas fotografías da principal acción bélica que se produce no contexto desta guerra: o combate de El Callao. Por último, profundaremos na análise dos álbums de fotografías de Chile, Perú, Bos Aires e Río de Xaneiro adquiridos por Méndez Núñez, valiosos non só polo seu contido visual, senón tamén polo que nos ensinan sobre a cultura, a arquitectura, a vida e os costumes nestes países no século XIX e porque son, ademais, un recordatorio de como a fotografía evolucionou e do seu poder para capturar momentos e lugares.

Nota biográfica: Licenciada en Xeografía e Historia, sección Historia da Arte, especialidade de Museoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela en 1985. Vinculada profesionalmente ao Museo de Pontevedra desde 1990, onde ingresou como bolseira, é desde 1993 conservadora responsable do Arquivo Gráfico, e dedícase especialmente á xestión das coleccións fotográficas. Na actualidade ocupa a xefatura da unidade de Arquivo. Posúe ampla experiencia como documentalista, coordinadora e comisaria de exposicións temporais sobre fotografía e escribiu varios artigos en catálogos e revistas sobre esta temática. As súas investigacións actualmente están dirixidas á historia da fotografía no século XIX en Pontevedra.

19:15 h Clausura

M.^a de los Ángeles Tilve Jar, directora do Museo de Pontevedra.

19:30 h Visita á instalación temporal de fondos de Casto Méndez Núñez no Museo de Pontevedra